

**INFORME CLIMATOLÓGICO  
MES DE AGOSTO DE 2018**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas. ....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2018.....	17
6	PRECIPITACIÓN .....	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual agosto 2018 .....	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....	19
6.3.	Días de chuvia en agosto de 2018.....	20
6.4.	Evolución da precipitación en agosto de 2018 .....	22
7	VENTO.....	23
8	RADIACIÓN SOLAR.....	26
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	26
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....	27
9	RAIOS.....	28

**Anexo: Resumo mensual**

**Data edición: 28/11/2018**



**Agosto foi moi cálido e moi seco.**

## 1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

## **2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES**

Este mes de agosto quedou caracterizado en Galicia polo predominio anticiclónico e a chegada de dúas masas de aire moi cálido a principios e a mediados do mes, que deixaron unas temperaturas medias en xeral por riba das normais nesta época do ano. Ademais, soamente unha fronte conseguiu rachar o bloqueo anticiclónico e chegar a Galicia, polo que o mes tamén podémolo considerar como moi seco.

Deste xeito nos primeiros 5 días vivimos a primeira das situación anticiclónicas con chegada de aire procedente do norte de África. Isto deixou 5 xornadas de sol e forte calor, con noites tropicais en moitos puntos, e máximas que no sur superaban amplamente os 35°C, con zonas do val do Miño por riba dos 40°C e no norte por riba dos 30°C. Dentro dese período, os días de calor máis xeneralizado foron os días 2 e 3.

O día 6 a situación comezou a ceder debido ao achegamento dunha masa de aire atlántico, máis fresca e húmida que a de orixe norte africano, que propiciou un descenso da temperatura nese día 6 en puntos do litoral e xa no día 7 en toda Galicia.

Na xornada do 8 unha fronte asociada a unha borrasca localizada ao norte das illas Británicas deixaba o único episodio de chuva xeneralizada de todo o mes, presentando nalgúns puntos intensidade moderada.

O día 9 foi un día de transición, con entrada dun anticiclón que aportaría estabilidade e deixaría o ceo moi aberto, xa na tarde desa mesma xornada do 9 e nos días 10 e 11. Sen embargo o día 12, un novo centro de baixas presións deixaba un aumento das nubes e un descenso de temperatura, que se mantería o día 13, mesmo con algunhas chuvias de carácter feble e ocasional.

Os días 14 e 15 tivemos novamente altas presións e polo tanto, prevaleceron as condicións de sol e calor, algo matizadas nas xornadas do 16 e 17 pola baixada das temperaturas e o aumento na intensidade do vento.

As altas presións volveron con forza a Galicia a partir do día 18, e xa na xornada do 19, achegaron unha masa de aire cálido procedente do sur, polo que as temperaturas ese día 19 e nos seguintes 20 e 21 volveron a acadar valores moi elevados, de novo con noites tropicais en moitos puntos do sur e oeste da Comunidade e valores que durante a tarde superaban os 35°C.

A situación de calor rematou lentamente entre os días 22 e 23, aínda que se mantiveron as altas presións, polo que a situación continuou a ser propia do verán ata a xornada do 25, pero xa con valores menos destacados nos termómetros.

No día 26 houbo un aumento das temperaturas por un novo achegamento de aire cálido, pero neste caso a duración do episodio foi moi curta, posto que no día 27 tivemos unha zona de aire frío en altura moi próxima a Galicia, polo que a inestabilidade foi en aumento e na propia tarde do 27 tivemos un aumento das nubes, unha baixada das temperaturas e as primeiras precipitacións de tipo convectivo, que foron algo máis xeneralizadas nas primeiras horas do día 28.

O 29 pódese considerar un día de transición, coas altas presións entrando novamente en Galicia en forma de cuña dende os Azores, propiciando unha apertura de claros, pero os ventos de compoñente norte e a presenza de aire frío deixaba os termómetros en valores discretos.

Nos dous derradeiros días do mes as condicións anticiclónicas foron consolidándose, os ventos foron diminuindo a súa intensidade e as temperaturas foron ascendendo, ata acadar valores máis altos do normal o día 31.

### **3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

Nos mapas de anomalías de presión tanto en superficie (Figura 1) como en altura (Figura 2) preséntase unha anomalía positiva moi forte que se estende dende o Atlántico ata o leste europeo, cubrindo Galicia. Isto é reflexo do predominio anticiclónico ao longo de todo o mes, o que trouxo consigo tempo seco e estable con temperaturas moi cálidas.

### Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Agosto-2018.

### Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Agosto-2018.

#### **4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



**A CORUÑA**

	AGOSTO 2018 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.7/20.3	19.6	21.5 (2003)	17.0 (1963)
Tª mínima media	16.6/16.8	16.5	18.1 (2003)	14.0 (1951)
Tª mínima absoluta	13.6/13.7 (día 10)	9.4 (17/08/1953)		
Tª mínima máis alta	18.6/19.5 (día 3)	22.8 (20/08/1993)		
Tª máxima media	22.8/23.7	22.7	25.0 (2003)	19.6 (1963)
Tª máxima absoluta	26.2/29.8 (día 28/5)	39.6 (28/08/1961)		
Tª máxima máis baixa	20.0/20.6 (día 24)	16.0 (30/08/1956)		
Precipitación acumulada	33	21-36	158 (1946)	0 (1940)
Días de chuvia (≥1mm)	2	6	15 (1996)	0 (1940)

*Comentario:* Mes moi cálido tendo en conta as máximas, mentres que para as medias e mínimas o mes considérase cálido.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais de precipitación para esta localidade, aínda que o número de días de chuvia é inferior ao agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2018 Temperatura: 1948-2018

**SANTIAGO**

	AGOSTO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	21.4	19.9	23.2 (2003)	17.1 (1986)
Tª mínima media	15.2	14.6	17.4 (2003)	12.4 (1986)
Tª mínima absoluta	10.7 (día 10)	7.3 (29/08/1986)		
Tª mínima máis alta	22.0 (día 3)	23.9 (20/08/1986)		
Tª máxima media	27.6	25.2	28.9 (2003)	21.7 (1986)
Tª máxima absoluta	37.3 (día 3)	39.7 (12/08/2003)		
Tª máxima máis baixa	20.8 (día 12)	16.7 (30/08/1992)		
Precipitación acumulada	24	38-52	210 (2004)	1 (1998)
Días de chuvia (≥1mm)	2	5	15 (2004)	1 (1998)

*Comentario:* Mes moi cálido tendo en conta as máximas, mentres que para as medias e mínimas o mes considérase cálido.

A precipitación rexistrada foi inferior ao rango de valores normais para esta variable, polo que o mes considérase seco. O número de días de chuvia tamén foi inferior ao agardado.

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2018. Temperatura: 1982-2018





**LUGO**

	AGOSTO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.9	19.1	22.0 (2003)	16.8 (1982)
Tª mínima media	13.6	12.8	14.8 (2003)	10.6 (2000)
Tª mínima absoluta	7.5 (día 10)	3.5 (26/08/1985)		
Tª mínima máis alta	19.1 (día 4)	20.2 (28/08/2015)		
Tª máxima media	28.1	25.4	29.2 (2003)	21.4 (1983)
Tª máxima absoluta	38.1 (día 3)	40.5 (04/08/1990)		
Tª máxima máis baixa	21.0 (día 17)	14.0 (06/08/1982)		
Precipitación acumulada	9	22-35	91 (1992)	0 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	3	4	10 (1983)	0 (1988)

*Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que resultou cálido para as mínimas.*

*A precipitación foi escasa, polo que o mes considérase moi seco. O número de días de chuvia é lixeiramente inferior ao agardado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2018. Temperatura: 1981-2018

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	AGOSTO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	22.1	20.5	22.7 (2003)	17.0 (1963)
Tª mínima media	16.0	14.7	17.6 (2003)	11.2 (1963)
Tª mínima absoluta	12.5 (día 9)	3.4 (08/08/1971)		
Tª mínima máis alta	21.2 (día 4)	22.5 (03/08/2003)		
Tª máxima media	28.2	26.3	29.3 (2006)	22.7 (1977)
Tª máxima absoluta	35.3 (día 20)	38.3 (12/08/2003)		
Tª máxima máis baixa	21.0 (día 12)	17.0 (29/08/1963)		
Precipitación acumulada	9	29-59	139 (2004)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	2	5	12(2004)	0 (1981)

*Comentario: Mes moi cálido tendo en conta todas as temperaturas.*

*A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco nesta localidade. O número de días de chuvia tamén foi inferior ao agardado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2018. Temperatura: 1958-2018



OURENSE

	AGOSTO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	24.9	22.6	25.5 (2003)	19.2 (1977)
Tª mínima media	15.9	14.8	17.3 (2003)	11.5 (1985)
Tª mínima absoluta	9.5 (día 10)	5.6 (26/08/1985)		
Tª mínima máis alta	21.3 (día 4)	23.2 (22/08/1985)		
Tª máxima media	33.9	30.6	34.0 (1998)	24.9 (1977)
Tª máxima absoluta	<b>42.5 (día 3)</b>	42.2 (04/08/1990)		
Tª máxima máis baixa	26.7 (día 9)	18.0 (30/08/1974)		
Precipitación acumulada	5	16-23	88 (1976)	0 (1978)
Días de chuvia (≥1mm)	1	4	8 (1983)	0 (2009)

*Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas medias e máximas, mentres que para as mínimas o mes considérase moi cálido. Nas temperaturas máximas acadouse o rexistro máximo da serie histórica.*

*A precipitación rexistrada foi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase seco. O número de días de chuvia tamén foi inferior ao agardado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2018. Temperatura: 1972-2018

## 5 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron por riba das medias climáticas dun mes de agosto. Esta anomalía foi máis marcada nos valores máximos diúrnos que nos mínimos das madrugadas, debido principalmente aos dous episodios de presenza de aire africano a principios e mediados do mes. Así por exemplo en Ourense contabilizamos 12 días por riba dos 35°C e en Santiago 10 días por riba dos 30°C.

### 5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de agosto de 2018.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de agosto para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 27.1 °C. Os valores máis baixos rexistráronse principalmente na serra do Xistral, comarca de Ortelal e Cabeza de Manzaneda, con valores por debaixo dos 20 °C. Por outra banda os valores máis altos déronse principalmente no Miño ourensá, con valores de máis de 33 °C.

## 5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de agosto para o territorio galego foi de 13.8°C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na comarca da Limia e Verín, xunto co macizo de Manzaneda, onde se acadaron valores por debaixo dos 10°C. Os valores máis altos déronse principalmente na comarca de Vigo e o Condado, onde se acadaron valores entono aos 18.0 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de agosto de 2018.



### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de agosto, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de +1.8 °C. A metade sur da provincia de Pontevedra foi onde se acadaron as anomalías máis altas, por riba dos 3°C. Nas comarcas de Bergantiños e a Mariña luguesa os valores foron normais o lixeiramente negativos, por mor dos ventos de nor-nordés que favorecen a presenza de nebulosidade.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de agosto respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse na provincia de Pontevedra, chegando ata os +4 ° C, e as máis baixas (Táboa 2) tiveron lugar na provincia coruñesa, aínda que só unhas poucas décimas por debaixo do cero.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Gondomar	Pontevedra	4.2
Baiona	Pontevedra	4.1
Oia	Pontevedra	3.9
Nigrán	Pontevedra	3.9
Tomiño	Pontevedra	3.5
Tui	Pontevedra	3.4
Porriño (O)	Pontevedra	3.2
Mos	Pontevedra	3.1
Melón	Ourense	3.1
Leiro	Ourense	3.1

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de agosto de 2018.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Malpica de Bergantiños	A Coruña	-0.3
Ponteceso	A Coruña	-0.2
Carballo	A Coruña	-0.2
Coristanco	A Coruña	-0.1
Cabana de Bergantiños	A Coruña	0.0
Mondoñedo	Lugo	0.2
Alfoz	Lugo	0.3
Lourenzá	Lugo	0.3
Arteixo	A Coruña	0.4
Laracha (A)	A Coruña	0.4

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de agosto de 2018.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de agosto de 2018 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Nas primeiras xornadas de agosto rexistráronse os valores máis altos de temperatura, por debaixo e por enriba dos 1000 m.

<b>Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2018</b>				
<b>por debaixo dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
04/08/2018	Cequeliños	ARBO	Pontevedra	43.7
02/08/2018	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	42.7
03/08/2018	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	42.7
03/08/2018	Ourense	OURENSE	Ourense	42.5
02/08/2018	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	42.5
03/08/2018	Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	42.4
03/08/2018	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	41.6
03/08/2018	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	41.6
03/08/2018	As Eiras	ROSAL (O)	Pontevedra	41.5
02/08/2018	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	41.3

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2018 a altitude menor de 1000 m.

<b>Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2018</b>				
<b>por enriba dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
03/08/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	37.5
03/08/2018	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	34.8
03/08/2018	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	34.4
02/08/2018	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	33.3
03/08/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	32.1
02/08/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	32.1
02/08/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	32.0
03/08/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	31.2
02/08/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	30.4
03/08/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	30.2

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2018 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de agosto de 2018 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Destaca o día 10 por acadarse as mínimas máis baixas en moitas das estacións amosadas nas táboas, tanto nas de baixas altitudes como nas altas.

<b>Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2018</b>				
<b>por enriba dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
25/08/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	4.8
25/08/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	4.9
09/08/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	5.4
09/08/2018	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	5.4
10/08/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	5.7
09/08/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	6.3
10/08/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	6.4
09/08/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	6.7
25/08/2018	Xurés	MUIÑOS	Ourense	7.3
10/08/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	7.4

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2018 altitude superior a 1000m.


<b>Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2018</b>				
<b>por debaixo dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
24/08/2018	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	1.3
10/08/2018	Lanzós	VILALBA	Lugo	3.2
10/08/2018	Baltar	BALTAR	Ourense	3.4
10/08/2018	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	3.9
10/08/2018	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	4.2
10/08/2018	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	4.7
10/08/2018	Castro R. de Lea	CASTRO DE REI	Lugo	5.5
10/08/2018	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	5.9
10/08/2018	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	6.0
10/08/2018	Fragavella	ABADÍN	Lugo	6.1

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2018 altitude inferior a 1000m.




### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2018.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018 para esta serie foi 21.6 °C.



**Figura 6:** Temperatura media ó longo do período 1961-2018 para agosto.

A anomalía media da temperatura para este mes de agosto en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 1.70 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. Isto debeuse principalmente as máximas, que presentaron unha anomalía de 2.64 °C por riba do normal, a máis alta da serie, mentres que as mínimas foron cálidas, cunha anomalía de 0.77°C. Este agosto de 2018 queda como o terceiro máis cálido da serie, por debaixo dos agostos de 1998 y 2003.




**Figura 7:** Evolución da anomalía de temperatura media en agosto, respecto ó período 1981-2010.

## 6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións acumuladas foron inferiores ás agardadas para agosto. Como destacados soamente tivemos unha xornada, o día 8, con chuvía ocasionada por un sistema frontal que deixou precipitacións intensas en puntos das metade norte, pero máis febles no sur, e algúns fenómenos tormentosos na xornada do 28.

Para a estimación da chuvía acumulada tense en conta os datos do radar e dos pluviómetros. A chuvía media no mes de agosto obtida a partir dos valores do mapa (figura 8) foi de 15 L/m<sup>2</sup>, resultando un mes de agosto moi seco en xeral. Os valores máis altos foron os rexistrados no norte das provincias de Lugo e A Coruña, con valores entre 40 e 60 L/m<sup>2</sup>. Os valores máis baixos acadáronse principalmente en zonas do sur da provincia de Ourense, con chuvía practicamente inapreciable.


### 6.1. Precipitación acumulada mensual agosto 2018



**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de agosto de 2018.

## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de agosto con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 62 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Excepto áreas do terzo norte da Comunidade, a maior parte de Galicia presentou un déficit de precipitación. En case toda a provincia de Ourense, zonas do sur de Lugo e no litoral oeste, a chuvias foron un 80% inferiores á media.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de agosto de 2018.



### 6.3. Días de chuva en agosto de 2018

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m<sup>2</sup>) foi de 2.4. Os valores máis altos acadáronse no concello de Ortigueira, con 9 días de chuva, e en xeral no norte da provincia de A Coruña. No resto da comunidades os valores foron moi baixos, incluso con comarcas sen días de chuva.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de agosto de 2018.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de agosto. As precipitacións acumuladas máis altas déronse con valores entre os 30 e 60 L/m<sup>2</sup> nas provincias de A Coruña e Lugo. Así mesmo, o día 8 foi a xornada que rexistrou os valores acumulados máis importantes, tamén nas provincias mencionadas con anterioridade.

Precipitacións acumuladas máximas en agosto de 2018			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	58.4
Aldea Nova	NARÓN	A Coruña	49.2
Burela	BURELA	Lugo	48.0
Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	46.3
Arteixo	ARTEIXO	A Coruña	40.7
A Capela	A CAPELA	A Coruña	40.6
Foz	FOZ	Lugo	38.4
Guitiriz-Mirador	VILALBA	Lugo	37.9
Rus	CARBALLO	A Coruña	37.3
Cariño	CARIÑO	A Coruña	36.2

**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de agosto de 2018.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Guitiriz-Mirador	VILALBA	Lugo	31	08/08/2018 4:50
Rus	CARBALLO	A Coruña	31	08/08/2018 9:20
Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	31	08/08/2018 1:00
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	29	08/08/2018 11:40
Aldea Nova	NARÓN	A Coruña	29	08/08/2018 3:00
Coruña-Torre de Hércules	CORUÑA (A)	A Coruña	27	08/08/2018 6:50
Cariño	CARIÑO	A Coruña	25	08/08/2018 4:30
Burela	BURELA	Lugo	25	08/08/2018 7:00
CIS Ferrol	FERROL	A Coruña	24	08/08/2018 4:40
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	24	08/08/2018 3:20

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de agosto de 2018.

## 6.4. Evolución da precipitación en agosto de 2018

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018, para esta serie, foi 14 L/m<sup>2</sup>.




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2018 para agosto.

A anomalía media das precipitacións para este mes de agosto en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 65 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi seco, tendo en conta a totalidade da Comunidade. O ano anterior, 2013, foi aínda máis seco.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en agosto, respecto ó período 1981-2010.



## 7 VENTO

Neste mes de xullo non houbo ningunha estación que rexistrase refachos máximos superiores aos 100 km/h.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	89.1	NE	34		
		Día 18				
Pta. Candieira	Cedeira	79.5	NE	11		
		Día 15				
Malpica	Malpica	58.3	E	4		
		Día 17				
Marco da Curra	Monfero	53.9	SE	8		
		Día 28				

**Táboa 10:** Resumo do vento no mes de agosto de 2018 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	56.1	E	7	<p>INTENSIDADES PONDEADAS A COA DIRECCIÓN Burela (10119) # 082018 082018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Burela (10119) # 082018</p>
		Día 8				
Ancares	Cervantes	58.1	NE	19	<p>INTENSIDADES PONDEADAS A COA DIRECCIÓN Ancares (10092) # 082018 082018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Ancares (10092) # 082018</p>
		Día 8				

Táboa 11: Resumo vento no mes de agosto de 2018 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	59.5	E	12	<p>INTENSIDADES PONDEADAS A COA DIRECCIÓN Xurés (10119) # 082018 082018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Xurés (10119) # 082018</p>
		Día 27				
Rodicio	Maceda	59.9	NE	14	<p>INTENSIDADES PONDEADAS A COA DIRECCIÓN Alto do Rodicio (10057) # 082018 082018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Alto do Rodicio (10057) # 082018</p>
		Día 16				





PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	61.7	NO	53		
		Día 27				

**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de agosto de 2018 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	87.6	E	18		
		Día 17				
Ons	Bueu	63.9	NE	7		
		Día 17				

**Táboa 14:** Resumo do vento no mes de agosto de 2018 na provincia de Pontevedra.

## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual





Figura 13: Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de agosto de 2018.

## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



40 70 100 130 160

Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

## 9 RAIOS


A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de agosto 394 raios. Como se pode observar estes raios detectáronse na súa maioría o día 28 do mes, xornada de treboadas (Figura 15).



**Figura 15:** Número de raios por día detectados en Galicia en agosto de 2018.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, Pontevedra e Ourense rexistraron a maioría dos raios, arredor de 150 cada unha.

**nº de raios detectados en agosto de 2018 por provincias**




**Figura 16:** Número de raios detectados por provincia en Galicia en agosto de 2018.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en agosto en Galicia dende o ano 2010 ao 2018. Este ano o número rexistrado é moi baixo comparado cos anos anteriores (2016 e 2017), os cales contan cos maiores rexistros da serie con moita diferenza.

## Raios rexistrados en agosto



**Figura 17:** Número total de raios rexistrados en agosto dende 2010 a 2018.

**MeteoGalicia**  
**Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático**  
**Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.**  
**Xunta de Galicia**



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 8

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
<b>A Coruña</b>																										
A Gándara	18.0	22.79	34.7	5	14.3	12.0	25	22	11.3	8	-104	81	96	59	63	272	2038	19	65	17	971	7	0			
Aldea Nova	19.1	23.92	33.1	5	15.3	11.1	10	49	28.6	8	-79	83	96	65	61	261	1973	8	49	21	986	7	0			
Arzúa	19.5	27.38	37.4	3	12.5	6.8	10	15	10.4	8	-131	79	99	51	70	300	2228	6	46	17	976	7	0			
Camariñas	18.8	21.58	28.9	2	16.3	11.4	10	4	3.2	8	-123	84	94	70	72	307	2214	18	72	17	1018	4	0			
Cariño	19.5	21.65	24.3	5	17.5	12.8	10	36	24.6	8	-75	87	96	75	52	225	1836	14	45	18	1019	6	0			
Cespón	22.4	29.3	37.7	3	16.7	12.2	9	8	7.1	8	-145	71	90	48	75	322	2227	8	46	17	--	4	0			
CIS Ferrol	20.7	25.93	35.4	5	16.5	11.0	10	31	23.2	8	-118	78	95	57	72	311	2183	11	49	18	1015	7	0			
Corrubedo	21.6	27.97	35.6	3	16.7	13.5	9	7	5.2	8	-164	67	85	46	72	307	2258	8	58	17	1014	3	0			
Coruña-Dique	18.9	21.87	26.3	5	16.2	12.7	10	30	22.2	8	-	82	92	69	-	-	-	13	72	28	1017	6	0			
Coruña-Torre de Hércul	19.4	22.77	26.2	28	16.6	13.6	10	33	26.9	8	-	78	89	65	-	-	-	-	-	-	-	-	5	0		
*Costa	21.2	28.55	38.7	3	15.6	11.6	10	16	15.0	8	-	79	96	55	-	-	-	3	46	14	998	2	0			
*Coto Muiño	18.3	25.82	35.8	2	11.9	6.8	10	22	12.2	8	-	85	100	59	-	-	-	2	37	17	-	7	0			
Fontecada	18.8	25.12	35.5	2	13.6	8.6	10	16	11.8	8	-118	76	91	53	64	276	2002	11	51	28	976	6	0			
*Guísamo	20.1	25.89	33.3	5	15.2	11.3	10	29	20.7	8	-	73	89	52	-	-	-	3	26	17	998	5	0			
*Lesende	21.3	27.6	37.9	3	16.1	11.5	10	6	6.3	8	-161	67	83	47	66	284	2134	8	39	28	998	2	0			
Lira	21.4	26.93	36.1	3	17.0	11.4	10	4	3.1	8	--	65	83	46	77	266	2248	17	89	18	-	3	0			
Mabegondo	19.7	26.88	35.0	5	12.6	7.3	10	27	20.5	8	-115	83	100	59	69	295	2232	6	48	28	1008	4	0			
Malpica	17.7	21.43	29.6	5	15.2	13.3	10	24	21.6	8	-72	96	100	82	66	284	2064	19	58	17	1000	5	0			
Marco da Curra	17.6	23.56	34.2	3	13.2	10.2	10	24	16.0	8	-108	80	96	56	65	281	2059	14	53	28	--	7	0			
Melide	19.4	27.76	38.1	3	12.5	7.4	10	26	20.5	8	-128	76	97	47	72	308	2293	6	59	17	964	4	0			
Muralla	18.7	23.94	34.1	3	14.3	10.2	10	20	14.4	8	-107	79	96	55	67	287	1949	25	86	17	943	7	0			
*O Val	20.2	25.44	32.1	2	15.4	9.3	10	29	19.9	8	-	78	93	60	-	-	-	4	37	13	1011	6	0			
Olas	18.9	26.03	35.0	5	13.1	8.6	30	31	21.5	8	-91	83	100	59	-	-	1950	9	59	28	-	6	0			
*Ordes	19.3	26.21	36.7	2	12.8	6.6	10	21	16.8	8	-	76	93	53	-	-	-	4	31	17	987	3	0			
*Paramos	18.9	24.93	35.1	2	13.7	9.2	10	30	23.6	8	-	86	99	65	-	-	-	6	35	17	976	6	0			
*Pazo de Galegos	21.2	28.41	38.0	2	15.4	10.3	10	26	20.2	8	-122	78	97	54	68	293	2151	4	24	16	992	2	0			
Punta Candieira	19.0	22.1	33.3	5	16.6	14.0	8	30	23.2	8	-96	82	94	66	62	265	2096	21	79	15	989	8	0			
Punta Langosteira	18.1	-	-	28	16.1	13.0	25	19	19.6	8	-	89	97	77	69	258	2111	11	53	14	1017	1	0			
Río do Sol	17.6	22.24	34.2	5	13.7	10.6	25	32	22.4	8	-86	84	96	64	61	262	2007	18	61	28	957	6	0			
*Rus	18.9	25.21	34.5	5	12.9	8.1	10	37	30.3	8	-	86	100	64	-	-	-	3	33	17	1003	6	0			
Sálvora	20.1	24.97	32.1	19	16.9	12.9	23	10	4.6	8	-141	77	89	58	76	304	2332	16	67	17	-	5	0			
Santiago-EOAS	20.6	27.63	37.8	3	15.2	10.7	10	23	21.2	8	-121	75	94	51	61	260	2043	6	38	17	989	3	0			
Santiago-San Lázaro	20.0	26.32	37.3	3	14.7	10.2	10	21	19.1	8	-130	75	91	52	69	295	2185	11	52	17	983	2	-			
Sergude	21.0	28.27	37.8	3	15.1	9.5	10	24	18.6	8	-	75	94	49	59	254	1943	-	-	-	-	3	0			
Serra da Faladoira	17.1	21.8	29.3	5	13.5	9.9	10	58	28.0	8	-52	86	100	65	56	241	1973	19	65	18	953	10	0			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 8

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
<b>Lugo</b>																									
A Pontenova	17.9	22.78	28.2	28	14.6	9.7	10	24	7.4	16	-	89	100	69	--	--	1652	11	50	12	-	-	-	9	0
Abradelo	19.6	27.35	35.8	2	13.6	8.6	10	6	4.2	8	-	70	94	41	75	322	2368	-	-	-	-	-	-	4	0
*Alto do Faro	18.0	24.86	34.3	3	12.6	8.3	10	9	3.7	28	-	74	95	43	-	-	-	6	38	17	924	-	-	5	0
*Alto do Poio	17.6	22.45	30.4	2	12.7	6.4	10	14	10.7	8	-	63	87	39	-	-	-	7	48	8	-	-	-	4	0
Ancares	17.9	22.66	30.2	3	13.2	6.7	9	0	0.4	8	-161	63	87	42	77	330	2220	10	58	8	869	-	-	1	0
*Borreiros	19.5	24.07	27.8	5	15.0	9.1	10	36	21.0	8	-68	85	98	66	43	186	1615	4	33	18	1012	-	-	8	0
Bóveda	21.1	30.68	39.2	3	13.3	7.4	10	5	2.6	9	-169	68	93	35	74	318	2375	6	40	16	969	-	-	3	0
Burela	17.4	20.09	26.1	28	15.3	12.6	9	48	19.9	8	-40	90	98	78	41	176	1602	14	56	8	-	-	-	10	0
Campus Lugo	19.9	28.13	38.1	3	13.6	7.4	10	9	5.2	8	-137	76	97	45	60	258	2121	6	39	18	972	-	-	3	0
Castro R. de Lea	19.0	26.34	34.8	6	13.3	5.5	10	22	19.4	8	-	81	97	54	64	274	2034	-	-	-	970	-	-	4	0
Conchada	21.1	30.2	38.2	3	14.1	8.5	10	9	5.6	8	-	71	96	40	74	318	2442	-	-	-	-	-	-	3	0
Corno do Boi	17.5	24.63	36.0	3	12.4	8.7	9	28	18.8	8	-102	81	98	51	64	273	2044	10	53	28	-	-	-	10	0
Courel	20.5	29.28	37.4	3	13.2	7.7	10	10	8.6	8	-170	62	88	31	78	334	2436	6	74	8	931	-	-	3	0
Fontaneira	17.4	23.37	32.3	2	12.4	8.2	10	19	17.8	8	-109	77	96	51	--	--	2160	14	62	17	908	-	-	3	0
Foz	18.9	22.68	27.6	12	15.4	9.4	10	38	12.0	8	-70	85	96	70	46	195	1742	8	47	8	1011	-	-	5	0
Fragavella	15.7	19.74	27.5	6	12.1	6.1	10	31	10.2	8	-64	91	100	73	46	200	1718	9	49	28	951	-	-	11	0
Guitiriz-Mirador	17.3	23.78	33.2	3	12.7	8.9	10	37	30.1	8	-87	85	100	58	61	247	2032	10	49	18	941	-	-	7	0
*Labrada	16.8	21.08	29.9	5	13.4	9.6	9	18	9.8	8	-91	86	98	67	51	221	1861	8	44	28	-	-	-	8	0
*Lanzós	17.5	24.53	33.4	3	10.6	3.2	10	19	13.5	8	-	80	96	57	-	-	-	2	42	18	964	-	-	4	0
*Lourenzá	19.5	24.65	30.7	28	14.9	8.3	10	21	11.0	8	-	85	98	65	-	-	-	2	24	17	-	-	-	9	0
Marroxo	20.3	28.85	37.1	3	14.2	9.2	10	5	1.4	8	-155	71	95	36	71	303	2206	7	36	6	946	-	-	5	0
*Míllara	22.2	32.27	41.1	2	15.2	9.3	10	4	1.8	28	-	69	94	35	-	-	-	6	42	16	-	-	-	4	0
*Morelle	20.2	29.73	38.0	2	12.9	6.3	10	4	1.8	9	-135	78	98	44	57	247	2014	3	32	8	970	-	-	3	0
O Cebreiro	17.2	24.64	32.0	2	11.3	5.7	10	12	8.7	8	-148	73	95	48	76	327	2411	13	65	8	874	-	-	5	0
O Xipro	18.2	25.83	34.2	2	12.4	7.5	10	17	10.9	8	-125	81	100	50	68	291	2217	9	44	17	930	-	-	8	0
*Olveda	19.1	27.59	38.3	2	12.6	8.2	10	8	4.8	28	-135	80	100	46	67	259	2238	5	34	17	-	-	-	4	0
Pedro Murias	19.3	22.68	27.0	28	16.1	11.4	10	27	8.6	16	-75	90	100	75	47	201	1707	7	45	8	1014	-	-	6	0
Penedo do Galo	16.4	19.45	26.5	6	14.1	11.7	8	46	20.7	8	--	92	100	76	44	188	1664	18	69	19	-	-	-	15	0
Pol	18.0	25.53	34.2	6	12.8	7.7	10	10	6.5	8	-	81	100	50	67	287	2143	-	-	-	945	-	-	6	0
Portomarín	19.8	29.18	38.3	2	12.9	7.4	10	8	3.6	28	-	77	99	42	61	262	1901	-	-	-	968	-	-	3	0
Sambreixo	18.1	26.02	36.3	3	11.3	4.2	10	34	29.5	8	-	79	96	50	62	267	2035	-	-	-	-	-	-	4	0
*San Clodio	22.7	32.73	41.3	2	14.1	9.0	10	7	4.2	8	-	67	98	32	-	-	-	3	27	8	988	-	-	3	0
*San Fiz	20.9	29.05	37.2	3	14.8	9.2	10	7	4.6	8	-162	72	94	43	67	286	2423	3	29	17	973	-	-	3	0
Ventosa	17.9	25.08	33.7	2	11.8	6.3	10	19	13.3	8	-134	76	96	47	74	306	2341	7	47	8	916	-	-	4	0
*Vilamor	19.3	23.59	28.3	28	15.2	7.9	10	21	12.7	8	-91	79	90	61	42	179	1675	5	35	12	-	-	-	7	0
*Xabrega	21.3	31.53	40.0	3	14.2	8.5	10	3	1.4	8	-152	69	92	34	65	268	2149	3	36	6	981	-	-	3	0

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 8

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max		Día	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max		Día	Med. hPa	Choiva
<b>Ourense</b>																										
A Mezquita	20.5	27.88	34.4	3	13.0	7.8	18	2	2.6	28	-198	53	79	31	86	366	2548	10	54	16	905	1	0			
*A Portela	23.5	33.88	41.6	3	14.3	9.3	10	1	1.4	28	-184	56	90	24	79	338	2298	4	37	6	-	2	0			
*A Trabe	22.2	29.33	36.9	3	15.0	10.3	10	4	4.4	28	-190	54	77	32	84	359	2549	4	33	19	930	1	0			
Alto do Rodicio	19.0	25.38	33.7	3	13.3	6.6	10	1	1.1	28	-169	69	92	42	79	339	2513	11	59	16	909	3	0			
Amiudal	21.1	29.33	38.3	3	14.6	9.8	10	7	5.5	28	-173	65	90	36	78	332	2456	8	47	8	955	2	0			
As Petarelas	22.1	31.6	38.8	3	13.7	8.8	10	1	1.0	28	-	58	88	29	81	346	2459	-	-	-	-	1	0			
Baltar	19.6	29.31	37.6	3	10.1	3.4	10	0	0.4	1	-168	62	95	25	79	336	2404	3	49	18	928	1	0			
Cabeza de Manzaneda	15.9	19.78	26.5	3	11.7	5.4	9	10	6.5	8	--	-	-	-	-	-	2747	14	61	27	830	3	0			
*Calvos	17.6	27.85	36.0	3	-	-	24	3	1.7	28	-163	74	100	36	78	331	2447	6	51	27	-	3	-			
Casaio	19.3	24.91	31.1	3	13.8	7.9	10	3	3.1	28	-	53	76	32	-	-	-	5	44	6	-	1	0			
*Corzos	17.9	25.55	32.0	2	10.8	4.8	25	5	4.9	28	-	62	85	39	-	-	-	6	31	6	-	2	0			
Entrimo	22.0	30.96	38.5	3	14.8	8.9	10	2	0.9	8	-	60	85	33	68	290	2319	-	-	-	-	3	0			
*EVEGA Leiro	23.0	34.46	42.5	2	13.3	7.4	10	10	9.0	28	-	64	93	28	-	-	-	1	25	8	1005	2	0			
Gandarela	21.5	30.37	38.2	2	14.6	8.7	10	4	3.0	28	-167	68	93	36	73	310	2338	5	61	27	947	3	0			
Lardeira	17.1	22.17	28.1	3	12.6	6.3	9	4	4.5	28	-163	56	78	36	83	353	2594	12	68	6	843	1	0			
*Larouco	22.1	31.38	38.7	3	14.3	8.8	10	2	0.8	9	-	55	81	26	-	-	-	4	26	13	958	3	0			
Laza	22.2	31.8	39.9	3	13.6	8.0	10	1	1.2	28	-188	58	88	27	82	350	2448	6	45	8	-	1	0			
Monte Medo	20.6	29.2	37.4	2	12.8	6.6	10	1	1.0	28	-	67	94	35	-	-	2316	-	-	-	-	2	0			
O Invernadeiro	19.5	29.45	37.5	3	10.3	4.8	25	1	1.2	28	-190	56	85	29	84	359	2580	8	47	8	904	1	0			
Ourense	23.8	33.88	42.5	3	15.9	9.5	10	4	3.6	28	-	58	86	26	-	-	-	-	-	-	-	3	0			
Ourense-Estacións	24.3	33.76	42.7	3	16.8	10.9	10	3	3.0	28	-179	58	84	28	76	327	2326	4	36	6	1003	2	0			
*Pazo de Fontefiz	21.8	30.11	38.6	2	15.1	9.9	10	5	2.7	28	-177	63	87	35	76	326	2405	6	38	17	971	3	0			
*Ponte Boga	21.1	30.05	37.3	2	14.1	8.0	10	11	5.4	8	-166	61	82	33	72	308	2335	4	41	24	964	4	0			
*Prado	23.0	33.36	41.6	3	14.7	8.8	10	5	4.1	28	-	65	91	34	-	-	-	2	24	6	1003	3	0			
Remuíño	23.1	35.91	42.7	2	14.3	8.9	10	6	5.2	28	-165	68	95	30	63	267	2172	5	44	8	-	3	0			
*Riós	22.0	29.58	36.9	3	14.6	9.5	25	2	2.1	28	-195	53	79	30	83	354	2552	5	40	8	-	1	0			
San Xoán de Río	18.8	25.79	33.3	2	12.9	7.5	9	2	1.4	9	-167	70	94	41	77	330	2442	12	50	8	904	3	0			
Serra do Eixe	18.7	25.17	32.1	3	12.8	7.4	10	2	1.5	28	-178	64	87	39	83	356	2531	10	61	6	883	2	0			
Verín-Vilamaior	22.9	32.01	39.8	3	14.7	8.8	10	1	0.8	7	-200	55	82	29	84	361	2539	7	42	16	956	2	0			
Verín-Vilela	21.3	32.78	40.8	3	10.3	5.9	10	0	0.7	28	-182	67	98	30	84	358	2457	4	39	7	-	1	0			
Viana do Bolo	19.9	29.29	36.0	3	11.3	6.0	10	2	1.9	28	-170	65	93	37	77	328	2402	6	34	6	923	2	0			
Xares	16.5	20.73	27.1	2	12.0	5.4	8	5	4.0	28	-170	59	81	38	85	339	2626	4	52	8	830	2	0			
Xinzo	19.7	29.32	36.8	2	10.2	4.7	10	0	0.6	8	-161	72	100	35	69	294	2345	7	48	27	947	2	0			
Xurés	20.4	26.59	34.8	3	14.5	7.3	25	11	5.4	28	-185	59	86	37	82	350	2558	11	59	27	901	4	0			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 8

Provincia Estación	T <sup>a</sup> °C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max		Día	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max		Día	Med. hPa	Choiva
<b>Pontevedra</b>																										
*A Armenteira	20.4	27.7	37.2	3	14.1	9.9	11	9	3.8	8	-147	73	93	49	71	304	2247	5	49	28	-	-	-	5	0	
A Granxa	22.4	32.21	40.9	3	13.4	8.2	10	12	7.2	28	-156	71	97	38	77	329	2309	3	34	7	1013	-	-	-	4	0
A Lanzada	21.8	28.37	37.0	4	16.7	13.4	9	5	3.8	8	-170	72	89	50	77	329	2273	17	55	17	-	-	-	5	0	
*Areas	23.4	33.38	41.3	3	16.8	11.5	10	10	7.8	28	-	66	89	37	-	-	-	1	22	17	-	-	-	3	0	
*Areiro	21.9	28.41	36.4	3	16.5	12.1	10	8	5.1	8	-	71	88	50	-	-	-	3	34	17	1008	-	-	-	3	0
*As Eiras	22.2	30.3	41.5	3	15.5	9.6	10	12	8.2	28	-146	71	96	43	76	325	2294	3	32	9	1012	-	-	-	6	0
Cabo Udra	20.7	26.42	34.5	19	16.7	14.3	30	4	2.9	8	-155	76	90	56	72	307	2313	12	50	16	-	-	-	3	0	
Caldas de Reis	21.0	28.45	37.7	3	15.5	11.2	10	14	8.8	8	-144	73	92	47	67	287	2177	9	55	17	987	-	-	-	5	0
*Camanzo	21.1	29.05	39.2	3	14.4	8.2	10	19	15.6	8	-132	74	94	47	65	278	2131	4	37	28	994	-	-	-	3	0
Cangas-Porto	21.0	26.63	34.1	3	17.3	14.2	10	3	2.5	8	-	72	87	51	-	-	-	8	52	28	-	-	-	3	0	
Castro Vicaludo	21.5	-	-	3	17.2	12.1	10	18	6.0	28	-147	65	82	44	72	308	2306	11	64	28	963	-	-	-	5	0
Castrove	21.6	27.42	37.0	3	16.7	12.1	10	9	4.2	8	-157	66	85	45	64	275	2165	12	68	16	968	-	-	-	6	0
*Cequeliños	24.0	34.66	43.7	4	16.6	11.0	10	6	5.2	28	-188	62	88	30	74	315	2316	6	35	17	-	-	-	2	0	
Corón	21.3	26.57	34.7	3	17.4	14.2	10	6	5.0	8	-172	70	84	50	78	332	2362	21	65	17	1016	-	-	-	5	0
*Entenza	23.4	32.25	42.4	3	16.4	10.8	10	7	6.6	28	-152	66	91	37	65	276	2187	1	36	16	-	-	-	2	0	
Fornelos de Montes	21.6	26.54	35.0	3	17.0	9.6	9	12	5.6	8	-185	57	78	37	80	340	2464	12	87	17	938	-	-	-	5	0
Illas Cíes	20.9	25.6	34.5	3	17.1	14.1	22	7	3.4	28	-151	74	89	56	75	319	2283	9	52	16	-	-	-	3	0	
Lalín	20.0	27.41	37.2	3	13.7	7.3	10	18	9.6	28	-	71	95	42	-	-	-	8	46	17	-	-	-	2	0	
*Louredo	21.3	29.07	38.1	3	15.6	10.5	10	16	10.0	28	-	76	95	51	-	-	-	2	26	16	989	-	-	-	5	0
Lourizán	21.4	28.22	35.3	20	16.0	12.5	9	8	4.9	8	-161	77	96	52	62	266	2119	3	36	28	1011	-	-	-	5	0
*Meder	23.4	32.16	40.2	3	16.2	11.4	10	10	6.6	28	-	60	84	34	-	-	-	1	22	6	1000	-	-	-	4	0
Monte Aloia	21.9	29.72	39.3	4	15.9	11.0	10	13	8.0	28	--	69	91	44	--	--	1913	7	37	28	962	-	-	-	5	0
Mouriscade	19.1	27.82	36.7	3	10.9	3.9	10	19	11.0	8	-138	74	91	48	75	320	2345	5	36	2	961	-	-	-	5	0
O Viso	22.7	31.78	40.2	20	15.8	11.3	10	10	5.4	28	-160	64	87	37	67	285	2127	7	43	17	986	-	-	-	4	0
Ons	20.4	25.42	34.6	3	16.3	13.3	10	4	3.0	8	-160	77	92	57	79	337	2437	19	63	17	1003	-	-	-	3	0
*Pé Redondo	22.3	29.11	39.2	3	16.5	12.4	10	7	4.8	8	-111	72	91	49	-	-	1902	3	39	28	-	-	-	4	0	
Pereira	19.4	25.56	34.7	3	14.1	8.5	10	26	14.4	8	-	74	94	48	75	322	2343	-	-	-	937	-	-	-	8	0
*Ponte Caldelas	21.9	28.28	38.1	3	16.2	11.6	8	13	6.5	8	-170	62	82	42	76	326	2287	9	48	18	976	-	-	-	5	0
Pontevedra-Campolongo	23.1	30.71	39.4	20	16.9	13.2	11	8	4.7	8	-	66	87	42	-	-	-	3	35	17	-	-	-	5	0	
Porto de Vigo	22.2	27.12	34.4	3	18.5	15.5	23	4	2.2	8	-166	73	88	55	77	329	2355	11	56	28	1015	-	-	-	3	0
Queimadelos	23.4	32.28	40.3	2	17.5	11.8	9	8	4.2	28	--	61	80	36	47	202	1805	-	42	17	975	-	-	-	5	0
Rebordelo	20.7	28.76	38.7	3	12.9	7.6	11	20	11.9	8	-	72	96	43	74	317	2225	-	-	-	976	-	-	-	5	0
Sanxenxo	21.5	28.41	37.1	4	16.3	12.9	26	4	3.0	8	-154	67	85	45	67	288	2207	4	36	17	1014	-	-	-	5	0
Serra do Faro	19.1	24.91	34.1	3	14.2	8.3	9	10	4.5	28	-167	65	86	40	77	331	2386	16	63	17	907	-	-	-	5	0
*Simes	21.8	29.71	38.7	3	14.6	10.6	10	7	3.9	8	-	73	94	47	72	307	2249	-	-	-	-	-	-	6	0	
*Soutomaior	22.5	29.91	38.8	3	16.6	12.2	10	11	6.3	8	-	63	83	39	-	-	-	3	22	28	997	-	-	-	5	0
*Torrequeintás	22.5	29.72	39.3	3	16.3	11.8	10	2	2.5	8	-156	64	83	41	69	297	2121	3	36	28	1009	-	-	-	2	0
*Tremoedo	21.9	28.45	37.0	3	16.1	11.9	10	5	3.4	8	-	70	90	47	-	-	-	4	42	17	1010	-	-	-	5	0

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 8

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
Vigo	22.8	28.75	37.7	3	17.4	12.4	10	6	3.0	8	-	67	85	47	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	5	0
Vigo-Campus	21.9	26.49	37.3	3	18.0	12.3	9	12	5.1	28	-170	60	78	40	78	333	2414	6	40	17	6	40	17	965	6	0
Xesteiras	19.0	24.2	35.0	3	14.6	9.4	10	27	14.3	8	-	72	92	49	-	-	-	27	84	17	27	84	17	-	10	0

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.